



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E CASA DE GALICIA DE MONTEVIDEO (URUGUAI), PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DESTINADOS ÁS PERSOAS DE ORIXE GALEGO E AOS SEUS DESCENDENTES RESIDENTES EN MONTEVIDEO (URUGUAI).

Montevideo, 28 MAI. 2015

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai)**, representada neste acto polo seu presidente, D. Manuel Ramos Pérez, actuando en nome e representación da mesma consonte ás facultades que lle son atribuídas no artigo 58 dos Estatutos da entidade.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.





XUNTA DE GALICIA

TERCEIRO.- Na República Oriental do Uruguai, reside unha gran colonia formada por persoas de orixe galega e os seus descendentes, que pola súa situación carencial, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

CUARTO.- A entidade Casa de Galicia de Montevideo é unha sociedade fundada o 1 de outubro de 1917 como sociedade de instrución, recreo, beneficencia, sanidade e protección ao traballo, e xestiona un gran Sanatorio Policlínico central e outros catro policlínicos zonais, que dispoñen de laboratorios de análise clínicas, salas de hemodinamia, sala de operacións e área de información pediátrica. A entidade ten o compromiso de dar cobertura a todos os seus asociados presentes e futuros, na súa maioría persoas de orixe galega e descendentes destas.

Este hospital presta, de xeito excepcional, cobertura sanitaria gratuíta ás ditas persoas, sempre que se atopen en situación de carencia e non podan afrontar o pago das correspondentes cotas sociais, gastos de asistencia sanitaria e adquisición de medicamentos a prezo de mercado.

QUINTO.- A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrencia pública.

Este convenio pretende establecer o marco da colaboración entre estas entidades co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e socio asistenciais básicas daquelas persoas de orixe ou ascendencia galega residentes en Montevideo (Uruguai), que se atopan en situación de carencia ou xubilación con ingresos mínimos e que non poidan afrontar este gasto.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio ás persoas emigrantes galegas, residentes en Uruguai, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración para a concesión dunha axuda á entidade Casa de Galicia de Montevideo, co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e socio asistenciais básicas daquelas persoas de orixe ou ascendencia galega, con nacionalidade española e residentes en Montevideo (Uruguai) que se atopan en situación de carencia ou xubilación con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto, a través da concesión dunha axuda de carácter singular á Casa de Galicia de Montevideo, sustentada en razóns de interese público e humanitario.





XUNTA DE GALICIA

SEGUNDA.- PLAN DE ACTUACIÓN

Para a consecución do obxecto deste convenio colaborarase no financiamento dos seguintes programas de actuación, que na actualidade están sendo deseñados e executados pola entidade Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai):

1. Programa de asistencia a persoas acollidas en centros e residencias de anciáns e condonación e bonificación de cotas sociais de mutualistas que se atopen en situación de carencia.

A entidade Casa de Galicia de Montevideo poderá establecer acordos de colaboración con residencias de anciáns nas que residan persoas emigrantes galegas que polas súas circunstancias persoais non dispoñan de cobertura sanitaria ou farmacéutica para prestarlles a debida atención.

A entidade Casa de Galicia de Montevideo condonará, total ou parcialmente, as cotas sociais que dan dereito á asistencia sanitaria na área hospitalaria da entidade aos seus asociados de orixe galego e dos seus descendentes, que se atopan en situacións de carencia, tendo en conta criterios como son a súa situación económica, a idade e a antigüidade como socios.

2. Programa de asistencia sanitaria para galegos non integrados na mutualidade.

A entidade Casa de Galicia de Montevideo prestará asistencia sanitaria na área hospitalaria da entidade, mediante a integración na mutualidade ou prestando os servizos médicos necesarios a aquelas persoas de orixe galego e aos seus descendentes, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Carecer de cobertura sanitaria por non ter ingresos suficientes na súa unidade familiar para ter dita cobertura.

b) Non ser beneficiarias, durante o ano 2013, de subvencións ou axudas do Ministerio de Emprego e Seguridade Social español ou de calquera outra administración ou ente privado, destinadas a proporcionarlle cobertura sanitaria.

3. Programa de atención de carácter extraordinario.

A entidade Casa Galicia de Montevideo prestará asistencia médica ou farmacéutica con carácter puntual e extraordinario, a persoas de orixe galego ou aos seus descendentes carentes de recursos que, non sendo beneficiarias de outras coberturas, se atopen en situación de atención urxente, e previo informe dos servizos técnicos sociais que así o acrediten.

TERCEIRA.- PERSOAS BENEFICIARIAS

As destinatarias destes programas serán as persoas de orixe galega ou descendentes destes ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española, residentes en Montevideo (Uruguai), que se atopen en situación de carencia ou con mínimos ingresos.

Os expedientes coas propostas das persoas beneficiarias que se acollan aos programas amparados por este convenio, así como a contía individual imputada, serán elaborados pola



[Firma manuscrita]



XUNTA DE GALICIA

entidade Casa de Galicia de Montevideo, aos que se acompañará un informe da situación persoal de cada persoa beneficiaria da Comisión de Beneficencia do Centro que xustifique a oportunidade de prestar o correspondente dereito ou servizo.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará trinta e cinco mil euros (35.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2015, que se distribuirán entre os distintos programas de acordo co seguinte:

1. Programa de condonación e bonificación de cotas sociais de mutualistas de Casa de Galicia de Montevideo que se atopen en situación de carencia: 8.000 € (oito mil euros).

A redución da cota poderá acadar unha porcentaxe do 100%, 50% ou 25%, ou o complemento para poder ter cobertura de medicamentos, dependendo da situación económica e persoal do beneficiario.

2. Programa de inclusión no sistema mutual de asistencia sanitaria, a persoas non integradas na mutualidade ou atención a persoas residentes en residencias de anciáns que se atopen en situación de precariedade: 25.000 € (vinte e cinco mil euros).

3. Programa de atención de carácter extraordinario a persoas que se atopen en situación de carencia ou urxente necesidade: 2.000 € (dous mil euros).

Esta distribución orzamentaria entre programas ten carácter orientativo e poderá ser modificada pola Secretaría Xeral da Emigración en atención ás circunstancias dos servizos a prestar, a petición da entidade, logo do informe da Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo.

QUINTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, artigos 42 e 44, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio procederase a efectuar, en concepto de pago anticipado, unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste convenio, por unha contía de dezaseis mil cen euros (16.100 €), atendendo o disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Os pagamentos efectuaranse contra certificacións acreditativas e documentación xustificativa dos gastos realizados ou cotas condonadas, expedidas polo representante de Casa de Galicia de Montevideo, as que se engadirán informe do persoal da área funcional da Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo, sobre a correcta aplicación do convenio e logo de conformidade do secretario xeral da Emigración.

Con estas certificacións achegarase a seguinte documentación:

- a) Memoria comprensiva da execución de cada programa.





XUNTA DE GALICIA

b) Relación das persoas beneficiarias en cada programa, (esta relación incluírá a data de ingreso, nome e apelido, DNI, data e provincia galega de nacemento, e contía individual de cada persoa beneficiaria obxecto de axuda).

c) Copia da folia individual de valoración aprobada pola Comisión de Beneficencia que deu lugar a inclusión nos programas deste convenio. No seu caso, copia dos convenios ou acordos suscritos con outras entidades ou informe socio sanitario que deu lugar a prestación.

d) Para o programa 3, ademais do anterior, facturas dos servizos ou medicamentos condonados por cada beneficiario.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

a) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

b) Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro de 2015.

De conformidade co establecido no artigo 65.5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

A entidade Casa de Galicia de Montevideo, deberá ter a disposición da Secretaría Xeral da Emigración: a documentación que acredite a orixe ou a ascendencia galega de cada unha das persoas incluídas no programa, a xustificación da escaseza de recursos de cada unha delas así como recibo asinado por cada un dos beneficiarios no que se acredite ter sido beneficiario das axudas previstas en cada un dos programas establecidos neste convenio.

SEXTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou



[Handwritten signature]



XUNTA DE GALICIA

entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.



XUNTA DE GALICIA

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

DÉCIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

En todas as accións relacionadas coas actividades previstas neste convenio que impliquen difusión impresa ou de calquera outro tipo, deberán figurar de forma visible os logotipos da imaxe corporativa das dúas entidades asinantes.

A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Emigración publicará na súa páxina web <http://emigracion.xunta.es> a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web. Tamén de conformidade co artigo 11 da devandita Lei, esta secretaría fará pública no DOG, así como na páxina web <http://emigracion.xunta.es>, a celebración do presente convenio.

De acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais



XUNTA DE GALICIA

da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Emigración remitirá á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias orixinal ou fotocopia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos da súa inscrición en dito rexistro.

DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2015, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2015.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

Antonio Rodríguez Miranda

O PRESIDENTE DA CASA DE
GALICIA DE MONTEVIDEO

Manuel Ramos Pérez